

## PROCEDIMENTO VOTO POR CORREO - ELECCIÓN SINDICAIS 2019

### Normativa

- Artigo 19 do Real Decreto 1.846/1994, do 9 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de eleccións a órganos de representación do persoal ao servizo da administración xeral do estado (BOE do 13 de setembro)
- Artigo 10 do Real Decreto 1.844/1994, do 9 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de eleccións a órganos de representación de traballadores na empresa (BOE do 13 de setembro)
- Artigo 75 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro (BOE do día 13), polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (ET)
- Artigo 44 da Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro (BOE do día 31) polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (EBEP)

### Procedemento

Se algún/ha elector/a prevé que na data de votación non se atopará no lugar no que lle corresponda exercer o dereito de sufraxio poderá emitir o seu voto por correo, previa comunicación ás mesas electorais coordinadoras ou centrais, segundo os datos recollidos no Anexo I. Esta comunicación haberá de deducila a partir do día seguinte á convocatoria electoral e ata cinco días antes da data en que se teña que efectuar a votación.

A comunicación terá que realizarse usando o modelo recollido no Anexo II a través das oficinas de correos, sempre que se presente en sobre aberto para ser datada e selada polo persoal de correos antes de ser certificada, esixindo este do/da interesado/a a exhibición do documento nacional de identidade, a fin de comprobar os seus datos persoais e a coincidencia de sinatura de ambos documentos. A comunicación tamén poderá ser efectuada en nome do/da elector/a por unha persoa debidamente autorizada, acreditando esta a súa identidade e representación.

Comprobado pola mesa que o/a comunicante se atopa incluído/a na lista de electores, procederá a anotar nela o pedimento e remitiralle por correo certificado urxente a seguinte documentación:

- As papeletas electorais
- O sobre no que debe introducir o voto
- Un sobre individualizado para a inclusión da fotocopia do DNI do votante
- Un sobre de maiores dimensións que os anteriores

O/A elector/a introducirá a papeleta que elixa no sobre de votación remitido e pecharao, e a fotocopia do DNI no sobre enviado para esa finalidade. Finalmente ambos sobres serán introducidos no de maiores dimensións e remitidos por correo certificado á presidencia da mesa coordinadora ou central correspondente.

Recibido o sobre certificado, custodiarase pola Secretaría da mesa electoral coordinadora ou central ata o día da votación.

O día da votación enviarallo á Secretaría da mesa electoral parcial correspondente, quen, ao termo da mesma e antes de comezar o escrutinio, o entregará á Presidencia da mesa. Esta procederá á súa apertura, e identificado/a o/a elector/a co documento

nacional de identidade, introducirá a papeleta na urna electoral e declarará expresamente que se votou.

Se a correspondencia electoral fose recibida con posterioridade á terminación da votación, non se computará o voto nin se terá como votante ao/á elector/a, procedéndose á incineración do sobre sen abrir, deixando constancia de tal feito.

Non obstante o exposto, se a persoa que solicitou o voto por correo se atopase presente o día da elección e decidise votar persoalmente, manifestarao así ante a mesa a cal, despois de emitido o voto, procederá a entregarlle o que tivese enviado por correo se se tivese recibido e, en caso contrario, cando se reciba incinerarase.

**ANEXO I  
MESAS ELECTORAIS**

**Campus de Santiago de Compostela**

Persoal Docente e Investigador Funcionario

<b>Mesa</b>	<b>Censo</b>	<b>SOLICITUDE VOTO POR CORREO</b>
Mesa nº 1	Fac. de Bioloxía/Fac. Matemáticas/ETS de Enxeñería	Mesa Coordinadora do PDI Funcionario  Casa da Balconada, Rúa Nova, 6  SANTIAGO
Mesa nº 2	Fac. de Dereito/Fac. CC Políticas/Facultade de Relacións Laborais	
Mesa nº 3	Fac. de Farmacia	
Mesa nº 4	Fac. CC da Educación Campus Vida/ Fac. Psicoloxía	
Mesa nº 5	Fac. de Física/Facultade de Óptica	
Mesa nº 6	Fac. de CC Económicas/Fac. de Enfermería / Facultade de CC. da Educación Campus Norte	
Mesa nº 7	Fac. de Filoloxía/Fac. CC Comunicación	
Mesa nº 8	Fac. de Medicina e Odontoloxía	
Mesa nº 9	Fac. de Química	
Mesa nº 10	Fac. Xeografía e Historia/Fac. Filosofía	

Persoal Docente e Investigador Laboral

<b>Mesa</b>	<b>Censo</b>	<b>SOLICITUDE VOTO POR CORREO</b>
Mesa nº 11	Fac. de CC Económicas/Facultade de Enfermería Fac. de Filloxía/Fac. CC Comunicación Fac. de Medicina e Odontoloxía/ Fac. CC. da Educación Campus Norte	Mesa Central do PDI Laboral-Santiago  Casa da Balconada, Rúa Nova, 6  SANTIAGO
Mesa nº 12	Fac. de Xeografía e Historia/Fac. de Filosofía	
Mesa nº 13	Fac. de Bioloxía/Fac. Matemáticas/ETS de Enxeñería Fac. de Dereito/Fac. CC Políticas/Fac. Relacións Laborais Fac. de Farmacia/Fac. CC Educación Campus Vida/Fac. Psicoloxía Fac. Fac. de Física/Fac. de Óptica/Fac Química	

Persoal Funcionario de Administración e Servizos

<b>Mesa</b>	<b>Censo</b>	<b>SOLICITUDE VOTO POR CORREO</b>
Mesa nº 14	Persoal Funcionario de Administración e Servizos	Mesa Coordinadora do PAS Funcionario  Casa da Balconada, Rúa Nova, 6  15782 SANTIAGO

Persoal Laboral de Administración e Servizos

<b>Mesa</b>	<b>Censo</b>	<b>SOLICITUDE VOTO POR CORREO</b>
Mesa nº 15	Persoal Laboral Técnicos e Administrativos	Mesa Central do PAS Laboral-Santiago  Casa da Balconada, Rúa Nova, 6  15782 SANTIAGO
Mesa nº 16	Persoal Laboral Especialistas e non cualificados (A-L)	
Mesa nº 17	Persoal Laboral Especialistas e non cualificados (M-Z)	

### Campus de Lugo

#### Persoal Docente e Investigador Funcionario

Mesa	Censo	SOLICITUDE VOTO POR CORREO
Mesa nº 1	Escola Politécnica Superior/Fac. Veterinaria/Fac. Humanidades/Fac. de Formación do Profesorado	Mesa Coordinadora do PDI Funcionario Casa da Balconada, Rúa Nova, 6
Mesa nº 2	Fac. Ciencias / Fac. Administración e Dirección de Empresas	15782 SANTIAGO

#### Persoal Docente e Investigador Laboral

Mesa	Censo	SOLICITUDE VOTO POR CORREO
Mesa nº 3	Escola Politécnica Superior / Fac. Veterinaria / Fac. Humanidades / Fac. Ciencias / Fac. Administración e Dirección de Empresas / Facultade de Formación do Profesorado	Mesa Central do PDI Laboral-Lugo Vicexerencia. Edif. Servizos Administrativos e Biblioteca CAMPUS UNIVERSITARIO 27002 LUGO

#### Persoal Funcionario de Administración e Servizos

Mesa	Censo	SOLICITUDE VOTO POR CORREO
Mesa nº 4	Persoal Funcionario de Administración e Servizos	Mesa Coordinadora do PAS Funcionario Casa da Balconada, Rúa Nova, 6 15782 SANTIAGO

Persoal Laboral de Administración e Servizos

<b>Mesa</b>	<b>Censo</b>	<b>SOLICITUDE VOTO POR CORREO</b>
Mesa nº 5	Persoal Laboral Técnicos e Administrativos	Mesa Central do PAS Laboral-Lugo
Mesa nº 6	Persoal Laboral Especialistas e non cualificados	Vicexerencia Edif. Servizos Administrativos e Biblioteca  CAMPUS UNIVERSITARIO  27002 LUGO

## ANEXO II SOLICITUDE DE VOTO POR CORREO

Don/Dona \_\_\_\_\_

DNI \_\_\_\_\_

Tipo de persoal \_\_\_\_\_  
(facér constar se é PAS ou PDI, laboral ou funcionario)

Campus \_\_\_\_\_

SOLICITO:

Poder exercer o meu dereito ao voto por correo no proceso de eleccións sindicais para xuntas de persoal e comités de empresa da Universidade de Santiago.

A tal fin pide que se lle envíe por parte da mesa correspondente a documentación electoral ao enderezo postal que se sinala a continuación:

Lugar e data \_\_\_\_\_

Sinatura \_\_\_\_\_

PRESIDENCIA DA MESA ELECTORAL \_\_\_\_\_